

O Software libre nas empresas informáticas de Galicia

EDICIÓN 2012. RESUMO EXECUTIVO



ÍNDICE

I. Presentación

II. Principais resultados

II.1. Datos xerais sobre o uso do Software Libre

II.2. As empresas informáticas como provedoras de solucións TIC



I. Presentación

Principais resultados dos indicadores sobre Software Libre integrados na “**Enquisa ás Empresas TIC de Galicia**”. Edición 2012.

Realizada polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

Obxectivos:

- Analizar a penetración do Software libre nas empresas informáticas desde unha dobre vertente:
 - A implantación e uso nestas empresas
 - A oferta de produtos e servizos de Software libre aos seus clientes

Metodoloxía da enquisa do OSIMGA:

- 299 enquisas ás empresas informáticas con actividade en Galicia non son persoas físicas
- Enquisa vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura
- Período de realización da enquisa: 31 de marzo ao 12 de xuño de 2012.
- A marxe de erro para o conxunto da mostra é de $\pm 4,97\%$.



II. Principais Resultados


II.1 Datos xerais sobre o uso de Software Libre

- ☞ O 82% de empresas informáticas dispoñen de Software Libre.
- ☞ Tres de cada catro empresas informáticas contan con Software Libre nos ordenadores
- ☞ Un 58,8% das empresas informáticas posúen servidores con Software Libre. Esta porcentaxe ascende ao 71,8%, se se consideran, exclusivamente, as empresas informáticas que teñen servidores (81,9%).

Empresas informáticas con Software Libre en ordenadores e servidores

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas)



Crecemento do Software libre no
período 2010-2012:
- TOTAL EQUIPOS: 9,8 PUNTOS
- En ordenadores: 6,4 puntos
- En servidores: 9,5 puntos

Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011



II. Principais Resultados

II.1 Datos xerais sobre o uso de Software Libre: Ordenadores e servidores


ORDENADORES
Crecemento no período 2010-2012:
-Sistemas operativos libres: 24,4 puntos
-Aplicacións libres: 16,6 puntos

SERVIDORES
Crecemento no período 2010-2012:
-Sistemas operativos libres: 12,1 puntos
-Aplicacións libres: 9,6 puntos

Empresas con Sistemas Operativos e Aplicacións Libres/ Privativas nos ordenadores

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que teñen ordenadores)




Fonte: OSIMGA

Empresas con Sistemas Operativos e Aplicacións Libres/ Privativas nos servidores

Evolución Galicia

(% sobre as empresas informáticas que teñen servidores)



Fonte: OSIMGA

O incremento máis significativo de Software libre produciuse nos ordenadores, principalmente nos sistemas operativos libres.



II. Principais Resultados


II.1 Datos xerais sobre o uso de Software Libre: Aplicacións

As aplicacións de Software Libre máis frecuentes nas empresas informáticas son: as ofimáticas, os navegadores de Internet,, xestores de correo e as de antivirus e seguridade.


Incremento xeralizado de case todas as aplicacións de Software Libre e nalgún tipo de aplicación supera á correspondente de Software Privativo.

Aplicacións de Software libre/proprietario dispoñibles nas empresas

(% sobre as empresas informáticas)



Evolución das aplicacións de Software Libre dispoñibles nas empresas informáticas




Crecedemento no período 2010-2012:
 - Máis de 14 puntos no caso de antivirus e aplicacións de xestión empresarial
 - 11,8 puntos nas aplicacións de traballo en grupo
 - Máis de 8 puntos en ofimática, desenvolvemento de software e educación e formación



II. Principais Resultados

II.1 Datos xerais sobre o uso de Software Libre: Empresas que NON usan Software Libre



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

☞ O 18% das empresas informáticas non dispoñen de Software Libre.

☞ Entre as empresas que non utilizan Software Libre, soamente un 17,7% prevén o seu uso futuro.

☞ Case un tercio das empresas informáticas que aínda non usan Software Libre considera que empregalo sería beneficioso para elas (32,1%).

☞ Á vista destes datos podemos concluír que das, cada vez menos, empresas que no usan Software Libre, a terceira parte son reacias ao seu uso e a maioría das restantes non teñen aínda unha opinión clara ao respecto.




II. Principais Resultados

II.1 Datos xerais sobre o uso de Software Libre: Empresas que NON usan Software Libre

Motivos polos que as empresas non usan Software Libre

Comparativa 2008-2012 ⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas que non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

☞ O motivo principal indicado polas empresas informáticas que non utilizan Software Libre é a incompatibilidade cos sistemas ou interlocutores actuais, xunto co descoñecemento ou a falta de información do mesmo.

☞ O plan de acción en materia de Software Libre do ano 2013 incorpora numerosas actuacións neste sentido. Así no CDTIC prestarase especial atención ás demostracións de solucións libres co obxectivo de diminuír tanto a falta de coñecemento de provedores como a falta de información.




II. Principais Resultados

II.1 Datos xerais sobre o uso de Software Libre: Perspectivas de futuro

Medidas para promover o Software Libre nas empresas

(% sobre as empresas informáticas)




☞ A axudas ou subvencións son as medidas máis mencionadas para promover o Software Libre, fronte ás demostracións de produtos polas que apostaban no ano 2010.

Fonte: OSIMGA

☞ Ratifícase a previsión positiva respecto ao aumento do Software Libre no mercado

Previsión da evolución do uso do Software Libre en Galicia

(% sobre as empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA



II. Principais Resultados

II.2 As empresas informáticas como provedoras de solucións TIC (I)



Fonte: OSIMGA

(1) Base: total de empresas informáticas

(2) Base: empresas informáticas que ofertan produtos ou servizos de software

⇒ O 60,8% das empresas informáticas oferta produtos ou servizos de Software, aumentando 10,7 puntos con respecto ao ano 2010. Entre estas empresas, un 56,7% ofrece produtos de Software Libre.



II. Principais Resultados

II.2 As empresas informáticas como provedoras de solucións TIC (II)

Os produtos ou servizos de Software Libre que máis ofertan as empresas informáticas galegas son: o software de escritorio, sistemas de xestión de bases de datos e sistemas operativos.

A porcentaxe de empresas que ofrecen produtos en Software Libre supera ou iguala á de Software Privativo no caso de xestores de contidos de portais web, aplicacións para traballo colaborativo e plataformas *e-learning* e *e-commerce*.

Tipoloxía de produtos de Software que ofrecen as empresas informáticas

Aplicacións de software ofertadas (% de resposta múltiple)	(%)		
	Software Libre	Software Privativo	Ofertan produto ou servizo
Sistemas operativos	23,9	43,2	46,5
Software de escritorio	24,3	37,3	42,6
Software de seguridade	16,4	42,9	45,7
Xestión de procesos de negocio	15,5	29,7	34,2
Planificación de recursos empresariais	14,1	19,9	26,5
Xestión da relación cos clientes	14,7	20,4	26,1
Intelixencia de negocio	9,8	15,4	18,9
Xestor documental	13,8	19,7	24,8
Xestión de contidos de portais e páxinas web	22,5	19,5	33,8
Traballo colaborativo	12,9	12,5	19,2
Sistemas de desenvolvemento	14,2	14,8	20,0
Software de virtualización	19,1	23,3	31,6
Servidor de aplicacións	19,3	28,2	35,4
Sistemas de xestión de bases de datos	24,1	31,2	40,4
Servidor de ficheros	20,9	29,5	36,7
Servidor de correo	21,6	27,4	36,1
Servidor web	22,7	27,5	37,0
E-learning	11,5	11,5	17,6
E-commerce	15,3	12	20,4
Software para dispositivos móbiles	15,9	18,3	25,6
Outras aplicacións	19	26,8	32,4


Base: empresas informáticas que ofrecen produtos de software
Fonte: OSIMGA



II. Principais Resultados

II.2 As empresas informáticas como provedoras de solucións TIC (III)

Actividades que desenvolven as empresas en relación ao Software Libre
(% sobre as empresas informáticas que ofrecen produtos de software libre)




➤ A principal actividade relacionada co Software Libre que desenvolven as empresas informáticas é o servizo de consultaría tecnolóxica.

Fonte: OSIMGA

Aspectos do Software Libre que valoran os clientes

➤ Na actual coxuntura económica, o custo é o aspecto que máis valoran os clientes, respecto á incorporación do Software Libre.





O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS
INFORMÁTICAS DE GALICIA

galicia



XUNTA
DE GALICIA

Máis información: www.osimga.org



XUNTA
DE GALICIA

